

Dossier Presentación: MOCIDADE ACTIVA



**FAI SOAR A TÚA
VOZ!**

Educar á xuventude pasa por EMPODERAR ós xoves, facelos máis libre e máis críticos co mundo que os rodea. Porque queremos xoves fortes e seguros/as de si mesmos/as, con valores e ideais, pero para iso necesitamos que atopen as respostas ás súas preguntas, que afonden nos seus talentos, que reflexionen e plasmen as súas inquedanzas, e sobre todo que se FAGAN VER.

GUIA DO DOSSIER por páxina:

1.- Cal é a nosa Finalidade: Presentación e Obxectivos.....	1
2.-Para quen? Destinatarios.....	2
3.- Actividades.....	2
4.-Duración do Programa e das Sesións.....	4
5.- Inscripcións.....	4

1.-¿Cal é a nosa finalidade?

REFLEXIONAR sobre o consumo e adicións. Facendo actividades de reflexión e concienciación sobre prevención de drogodependencias e alcohol.

¿Por qué non misturar todo isto coas pantallas, cos vídeos, coas imaxes, coas redes sociais?

Así é a súa realidade e a súa comunicación, e así chegaremos a eles.

Mocidade Activa pretende crear un espazo de experimentación, de libre expresión e de creatividade propia, sen esquecer nunca a diversión. Retomando clásicos como a **Radio** e os **Experimentos a pé de rúa**. Mesturando o vello con novo, sen esquecernos de lanzar temáticas que provocan un aprendizaxe.

2.-¿Para quién?

Para xente nova de 14 a 17 anos das localidades de Fene, Mugardos e Neda.

Publicitaráñse nos curso de 3º e 4º da ESO

Precisamos a colaboración dos Centros...

Para xerar publicidade solicitamos dúas sesión demostrativa con 3º e 4º da ESO durante finais de setembro e principios de Outubro.

3.-¿Cáles son as actividades propostas?

Vloggers Intrépidos: Investigación



Hoxe en día, en plena era dixital, a xente nova se relacionan en tempo real a través das novas tecnoloxías e redes sociais. Seguen e comparten vídeos que os seus/súas seguidores/as e amigos/as máis líderes suben, sobre as súas destrezas, as súas parodias, ou mesmo os seus pensamentos.

Nesta actividade conseguiremos que os/as rapaces/as sexan quen de TER VOZ, realizando vídeos sobre experimentos sociais inxeniosos.

Empregaremos un tinte cómico pero sempre tentando buscar unha reflexión social.


Por exemplo...

Experimento Sociolóxico sobre Alcohol: ¿Queres probar as nosas gafas de simulación de embriaguez? Probas divertidas na rúa para demostrar como te vendes fóra cando vas ebrio.

Os rapaces e rapazas poderán editar un vídeo ou corto que exprese as conclusións de cómo nos comportamos cando vamos ebrios, ó mesmo tempo que conciencian a xente da rúa mentres realizan o experimentos

Experimento Sociolóxico sobre drogas: ¿Cómo te comportarías se en plena rúa ves a alguén exercendo tráfico de drogas? E se ademais se comporta de xeito violento? Avisarías á policía?

Radio Xove: Tes un Wassap!



Cada semana os/as rapaces/as reciben un RetoWassap. Pode ser un xogo, un reto, unha noticia cunha pregunta para crear debate... Todo relacionado co mundo da xuventude e os seus riscos relacionado sobre todo con adicións: o alcohol, os estudos, as drogas, a violencia... Durante toda esa semana o wasap é difundido e compartido. Tamén nas redes sociais, xerando sempre unha participación.

Preparación do Programa de Radio...



Cando chega o día da actividade, os/as rapaces/as se reúnen e comparten as opinións recollidas por todo o seu círculo de amizades.

Con toda esa información e con actividades relacionadas que propoñen os/as educadores/as, se realiza o programa de Radio. O cal terá lugar en Radio Fene! Compartiremos o reto da semana cos ouvintes, compartiremos as opinións de todas

as persoas que participaron a través dos wassaps, e no programa incluíranse outras seccións como música, entrevistas, etc.

4.-¿Cal é a duración e estrutura das sesións?

Duración do programa: De Outubro a Maio.

Nº máximo de grupos: 3 (Fene, Mugardos e Neda) 20 participantes por grupo.

Nº de actividades ofertadas: 2 (segundo demanda)

As sesións teñen unha duración de 1,5 h e se realizarán en período non lectivo, venres pola tarde ou sábado de mañá.

5.-Para inscribirse...

Cubrir ficha de inscrición no centro educativo. O prazo de inscrición remata o 19 de Outubro.

Organiza:

Concello de Fene, Neda e Mugardos



Consellería de Sanidade.

